

III CERTAME DE FOTOGRAFÍA FOTOXÉNICA-MENTE



Fotografía gañadora do II Certame: “Pedras no camiño”
Autor Cristóbal Prieto Otero.

Tema: “Conecta coa Vida”

Prazo de presentación:

Do 10 de outubro ao 18 de novembro de 2019.

Consultar bases en:

<https://www.facebook.com/Albores-Saúde-Mental-289117461117408/>

Organiza :



III CERTAME DE FOTOGRAFÍA FOTOXÉNICA-MENTE

A Asociación Albores Saúde Mental, convoca o seu III Certame de Fotografía con motivo da conmemoración do Día Mundial da Saúde Mental 2019.

O concurso ten como obxectivo provocar unha reflexión na sociedade coa finalidade de atenuar os mitos e estereotipos que impiden que as persoas con enfermidade mental acaden unha inclusión social plena en todos os ámbitos. As opinións e crenzas erróneas que a poboación ten acerca destas persoas van construíndo un discurso discriminatorio. A discriminación no seu grao máis alto supón a exclusión, a marxinación e a confinación a determinados espazos das persoas con estas problemáticas. Por tal motivo, só se aceptarán aquelas fotografías que se afasten da visión estigmatizante da enfermidade mental e contribúan á eliminación de falsas crenzas, mitos e estereotipos.

Nesta ocasión as fotografías terán que ver co tema “**Conecta coa Vida**”, lema adoptado polo colectivo de familias e persoas con problemas de saúde mental para encadrar a campaña de sensibilización en España do ano 2019. O tema foi elixido porque nesta ocasión a Organización Mundial da Saúde (OMS) reivindicada que os gobernos poñan máis medidas para previr e abordar o suicidio, xa que supón un dos problemas máis graves de saúde pública que por ser un tabú cultural segue a estar invisibilizado.

No mundo suicídase unha persoa cada 40 segundos. Con respecto a España, Galicia é a segunda comunidade autónoma con máis persoas afectadas.

Bases do Concurso

1. Requisitos das persoas participantes:

- Poderá participar calquera persoa que envíe os seus traballos conforme aos requirimentos da organización.
- As persoas menores de idade poderán presentarse, sempre que acheguen á solicitude o consentimento firmado pola nai, pai ou titor/a (anexo 2).

- Non poderá concursar o persoal laboral de Albores.
- Non se aceptarán fotografías realizadas por quen non teña a autoría ou propiedade das fotografías
- A persoa autora da fotografía gañadora cederá os dereitos totais da mesma a Albores. O resto autoriza a Albores a expor, publicar, utilizar e reproducir todas as fotografías recibidas, mantendo a propiedade das mesmas.
- As persoas que participan manifestan e garanten a Albores que son as únicas titulares de todos os dereitos de autoría sobre a/s fotografía/s que presentan a concurso, e se responsabilizan totalmente de que non existan dereitos de terceiras partes nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe.
- O feito de participar implica a aceptación das presentes bases

2. Requisitos dos traballos:

- Poderán presentarse un máximo de **3** fotografías por participante.
- Non se aceptarán fotografías que fosen premiadas con anterioridade.
- Todas as fotografías deben de ter título e irán acompañadas dun texto de dúas ou tres liñas no que se explique que quere transmitir a persoa autora ca foto.
- Deberán axustarse ao tema proposto: “Conecta coa vida”.
- Só se aceptarán aquelas fotografías que contribúan á redución do estigma asociado ás persoas con enfermidade mental e que favorezan a eliminación de mitos e estereotipos.
- Valorarase que as persoas participantes sigan as normas que a Confederación Saúde Mental España recolle na “Guía de Estilo sobre Saúde Mental para Medios de Comunicación: As palabras si importan” que se atopa na web para uso de quen desexe consultala (www.consaludmental.org).
- Serán tidas en conta a creatividade, a orixinalidade e a calidade técnica dos traballos.

3. Características técnicas das fotografías:

- Formato electrónico independentemente da forma en que fosen capturadas.
- Deberán ter formato .jpg.
- A resolución mínima será de 12 megapixels.
- Poderán realizarse retoques, modificacións e montaxes fotográficos con programas de edición de fotografía.

4. Envío de traballos

Presentarase por correo postal dirixido ao seguinte enderezo: **Asociación Albores Saúde Mental, Ronda M^a Emilia Casas Baamonde s/n, km. 0.7 (27400-Monforte de Lemos)** ou por email a: albores@albores.org

5.-Documentación a presentar:

- Solicitud (anexo 1)
- Os/as menores ou persoas tuteladas terán que presentar o anexo 2 e a documentación que nel se require.
- CD no que se inclúan a/s fotografía/s
- Fotocopia do NIF/NIE da persoa solicitante

6. O prazo de recepción de traballos por email ou presentación nas oficinas de Correos finaliza 18 de novembro do 2019 ás 14:00 horas.

7. Premios

- **Primeiro premio:** 200 € + Diploma + a publicación e difusión por parte da Asociación Albores da fotografía premiada no cartaz do Día Mundial da Saúde Mental 2020.
- **Segundo premio:** 75 € + Diploma
- **Terceiro Premio:** 25€ + Diploma
- **Os dez primeiros:** Participación na exposición itinerante que se realizará nos centros sanitarios e/ou sociais do ámbito da entidade.

8. Selección

O xurado está composto por 7 membros: 2 membros da Xunta Directiva de Albores, 2 membros do persoal técnico da Entidade, 1 fotógrafo/a, 1 voto do usuariado de Albores e 1 voto do usuariado do Facebook.

As imaxes que cumpran cos requisitos serán votadas polo xurado en dúas fases:

- Na primeira fase (na que as fotografías non se difundiran publicamente) votarán en segredo: os membros do xurado da Xunta Directiva, persoal técnico, fotógrafa e usuariado de Albores.
- Na segunda fase (tras rematar os restantes membros de votar) participará o usuariado do Facebook: Publicaranse todas as fotos recibidas que cumpran os requisitos das bases co obxectivo de que aquelas persoas que queiran podan votar pola gañadora.
- En caso de empate a persoa fotógrafa terá voto de calidade.

A mesma persoa non poderá obter dous premios, aínda que teña presentado varias imaxes e dúas ou máis obras súas obtivesen o maior número de votos, pero si poderán participar todas as súas fotos na exposición itinerante de ser elixidas.

Os nomes das persoas gañadoras e traballos premiados faranse públicos o día 13 de Decembro na páxina de Facebook de Albores. Ademáis, Albores contactará coas persoas gañadoras para a entrega de premios.

A decisión do xurado será inapelable.

9. Publicación

Albores resérvase o dereito de publicar ou utilizar as fotografías presentadas a concurso sen limitación de tempo nin de lugar, citando en todo caso o nome do autor.

ANEXO I
SOLICITUDE

Nome e apelidos:.....

NIF/NIE:.....

Enderezo:.....

Teléfono de contacto:.....

Dirección de correo electrónico:

DATOS DAS FOTOGRAFÍAS (Non é obrigatorio presentar máis de unha)

Título da fotografía 1:

Descrición:

Título da fotografía 2:

Descrición:

Título da fotografía 3:

Descrición:

DECLARO que:

- ✓ Son o único titular de todos os dereitos de autor sobre a/as fotografía/s que presenta ó concurso, e responsabilízome totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación de terceiros por dereitos de imaxe.
- ✓ Ningunha das fotografías que presento foi premiada con anterioridade.
- ✓ Cedo os dereitos totais en caso de obter o primeiro premio.
- ✓ Autorizo a Albores a expor, publicar, utilizar e reproducir todas as fotografías enviadas.
- ✓ Acepto as bases do Certame.

En.....,a.....de.....do 2019.

Asinado.....

ANEXO 2

AUTORIZACIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS POR MENORES

Eu,.....,

con NIF/NIE,

AUTORIZO a,

menor de idade/tutelado por min, a presentarse ó III Certame de Fotografía, que organiza a Asociación Albores, e achego a documentación que me solicita para amosar o meu vínculo coa persoa autorizada

En.....,a.....de.....do 2019.

Asinado.....

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA AUTORIZACIÓN:

- Fotocopia do NIF/NIE da persoa que da a autorización
- Libro de familia (no caso de autorización a un/unha fillo/a)
- Xustificante de ser titor/a da persoa autorizada (no caso de autorizar a persoas que non sexan fillos/as ou cando estes/as sexan maiores de idade pero estean incapacitados/as)